

**ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN XESTORA DO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA  
“GOLFO ÁRTABRO” CELEBRADA O 20 DE AGOSTO DE 2008**

Sendo as once horas e trinta minutos da data arriba indicada, reúnese a Comisión xestora do Grupo de Acción Costeira “Golfo Ártabro” na Casa da Cultura Pintor Lloréns sita na Avenida do Porto s/n do concello de Sada, estando presentes os membros que de seguido se relacionan:

M<sup>a</sup> Josefa Crespo Fraga (Cofradía de Pescadores de Miño)

M<sup>a</sup> Jesús López Iglesias (Cofradía de Pescadores do Eume)

Manuel Bañobre Durán (Cofradía de Pescadores de Barallobre) [cofradia@cofradiabarallobre.org](mailto:cofradia@cofradiabarallobre.org)

M<sup>a</sup> Carmen Rodríguez Fernández (Cofradía de Pescadores de Barallobre)  
[cofradia@cofradiabarallobre.org](mailto:cofradia@cofradiabarallobre.org)

M<sup>a</sup> Teresa Carnero Blanco (Cofradía de Pescadores de Mugarodos) [sefimumugardos@hotmail.com](mailto:sefimumugardos@hotmail.com)

Daniel Fernández Ríos (Cofradía de Pescadores de Lorbé) Fax 981 617 602

Jose Garrote Martín (Concelleiro de Medioambiente Concello de Sada) [jose.garrote@sada.dicoruna.es](mailto:jose.garrote@sada.dicoruna.es)

Dori Rodríguez (Asociación de Artesáns do Eume) [artisansdoeume@gmail.com](mailto:artisansdoeume@gmail.com)

César Longo Queijo (Alcalde de Paderne) [cesar.longo@paderne.dicoruna.es](mailto:cesar.longo@paderne.dicoruna.es)

Julio Ignacio Iglesias Redondo (Alcalde de Ares) [julio.iglesias@concellodeares.com](mailto:julio.iglesias@concellodeares.com)

Gabriel Torrente Piñeiro, (Alcalde de Pontedeume) [gabriel.torrente@pontedeume.dicoruna.e](mailto:gabriel.torrente@pontedeume.dicoruna.e)

Acuden con voz pero sen voto;

Jorge M. Blanco Ballón (Técnico Asociación Terra das Mariñas) [xerente@terradasmarinas.com](mailto:xerente@terradasmarinas.com)

Patricia (Asociación Euroeume) [info@euroeume.org](mailto:info@euroeume.org)

Manuel Diz Díaz (Técnico Fundación Comarcal de Betanzos) [fbetanzos@gmail.com](mailto:fbetanzos@gmail.com)

Cristina Pariente Rodríguez (Técnica Fundación Comarcal de Betanzos) [fbetanzos@gmail.com](mailto:fbetanzos@gmail.com)

1.- Se procede á lectura das dúas actas das reunións previas (data 18/xullo/2008 e 30/xullo/2008) que tiveron lugar dende que se iniciou todo o proceso de constitución do Grupo de Acción Costeira “Golfo Ártabro” para a súa posterior aprobación.

As actas son aprobadas por unanimidade e procedese á sinatura das mesmas.

2.- Se presenta ó tríptico elaborado para a difusión do Programa entre ós asistentes. Nel se tratou de reflexar os puntos principais de maneira clara e esquemática para unha doada interpretación por parte dos colectivos que estén interesados, tal e como se solicitou desde a Comisión Xestora na reunión celebrada o 30 de xullo de 2008. Este tríptico e máis o Ploter promocional foi encargado a Lugami desde a Fundación Comarcal de Betanzos. O coste desta factura acórdase que será abonada polo Grupo de Acción Costeira cando esté constituído, dentro dos Gastos de Difusión e Funcionamento (se teñen editado 3.000 trípticos).

## *Comisión Xestora GRUPO ACCIÓN COSTEIRA “COSTA ÁRTABRA”*

Lémbrese ós asisitentes que o blog <http://gacgolfoartabro.blogspot.com> xa está funcionando, de momento só conta có tríptico pero que a partires dos próximos días, subiranse as actas aprobadas nesta reunión e nas anteriores e demáis información.

3.- Acórdase que dende os catro Grupos de Acción Local se enviarán ós concellos, cada un ós seus, a documentación necesaria para que poidan facer a difusión entre os colectivos do seu territorio (trípticos). Esta documentación iría acompañada dunha Carta-tipo de invitación, da que se acorda un modelo, e da seguinte documentación:

- Modelo de acordo plenario que debe deixar constancia do seguinte: a adhesión ó grupo por parte do concello, a designación dun representante e a aprobación de estatutos.
- Modelo de adhesión ó Grupo de Acción Costeira “Golfo Ártabro”.
- Modelo de estatutos propostos pola Comisión Xestora.

4.- Acordase que a data límite para recibir adhesións será a da celebración da reunión de Constitución do GAC, que acórdase que sexa o **venres 3 de outubro de 2008; ás 19.30 horas na Casa da Cultura Pintor Llorens do concello de Sada**; e celebrando unha reunión previa esta Comisión Xestora ás 18:00 horas.

5.- Elaboración do Plan Estratéxico Zonal (PEZ)

Sendo a data para presentar o PEZ (Plan Estratéxico Zonal) o 16 de outubro, os equipo técnicos da Fundación Comarcal de Betanzos, de Terra das Mariñas e de EuroEume, empezarán a traballar enseguida, e de ser posible, ter un borrador do mesmo para o día da constitución do grupo. Entre o traballo a realizar para a elaboración deste documento, faranse reunións con cada unha das cofradías para que propoñan problemas e proxectos que se poidan afrontar cos fondos a xestionar polo Grupo de Acción Costeira.

6.- Elaboración borrador de estatutos.

No referente ós estatutos, se pasan a estudar as propostas recollidas. No artigo 2 referente ó domicilio social, o concelleiro de Sada, Jose Garrote ofrece unha das plantas da Casa do Mar de Sada que aínda que pertence á Consellería de Traballo, cree que non habería problemas á hora de solicitalo. A Comisión está dacordo coa posible ubicación da sede e solicita ó concelleiro que faga as xestións necesarias para que a concesión do local sexa efectiva.

Feitas unha serie de modificacións, queda aprobado pola Comisión Xestora o borrador de estatutos que se presentará a Asamblea Xeral na reunión de consitución o vindeiro 3 de outubro. Acórdase asimesmo, que este borrador se envíe ó CETMAR para que os validen.

Sendo as doce horas e corenta e cinco minutos e non habendo máis temas que tratar, levántase a sesión.